



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa de Seguimento do Acordo de Carreira Administrativa

Despois da reunión co Director da Axencia dos pasados días na que toda a parte social pedía que se reunise a Mesa de Seguimento do Acordo por fin temos unha xuntanza para analizar os temas pendentes. Por parte da AEAT en lugar de entregar un calendario ou a relación de asuntos a tratar facilitáronos uns cadriños estadísticos "moi interesantes" sobre as reclasificacións realizadas, número de funcionarios nos distintos tramos etc..., imaginamos que para vendernos o ben que se "traballou" na aplicación do acordo.

Respecto ao contido da reunión en sí, a administración afirma que o escenario económico non é o mellor e hai limitacións presupuestarias pero aínda así garantízanos que para eles o acordo non está morto e hai que ir vendo qué cousas poden ir asumindo. En principio asegúranos que escoitarán as nosas peticións e que haberá neste mes máis reunións para ir tratando os temas pendentes sobre todo os que se trataron na reunión co Director da AEAT.

Un dos temas nos que están dispostos a traballar é a dos funcionarios que se atopan no "Tramo 0" (hai sobre 200 afectados). Respecto a isto manifestamos que é inconcebible que haxa funcionarios co nivel 14 (posto de entrada de Auxiliar) con antigüidade na AEAT de moitos anos e aínda sen reclasificar. Por outro lado, insisten en que, despois da baixa da salarial do 5% bastante "ben" se portaron facendo a reclasificación de setembro de 2010 (a dos A2). Tamén mostran disposición a arranxar a situación dos compañeiros adxudicatarios nos pasados concursos que perderon retribucións a costa da súa mobilidade. O paso ao tramo 6º por quen tiña máis de 32 anos de antigüidade computable cando se asinou o acordo non é unha das súas prioridades pero se comprometen a, polo menos, falalo en vindeiras reunións.

Na noso turno de palabra manifestamos:

-Que os datos son moi interesantes pero en lugar de perder o tempo na reunión contándonos as estatísticas ben podían haber facilitado antes os datos vía fax ou correo e así aproveitámbamos mellor a xuntanza

-Pedimos un calendario firme e definido de reunións, co orde do día e relación de temas que se van tratar.

-Reclamamos que se trate con urxencia o paso ao Tramo 6º dos funcionarios que teñen a antigüidade suficiente para seren reclasificados, así como o paso ao Tramo 1 dos que están nos postos máis baixos de carreira e cumpren os requisitos.

-Solicitamos unha solución para os compañeiros dos concursos de Vixilanica Aduaneira, Axentes e Corpo Técnico que perderon tramos de carreira por levar praza nos concursos. Pedimos tamén tratar de novo o tema da mobilidade para mellorar o sistema de concursos existente

Quedamos citados, en principio, para dentro de dúas semanas e comezar a tratar, un a un, os temas pendentes. Iremos informando das novidades que vaia habendo ao respecto